

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA
ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DA APORTACIÓN
MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024,
PARA A DEBIDA XESTIÓN DUNHAS OBRAS NA ZONA RURAL (PPU-2024).**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 1-2024, por un importe total de 32.279,80 €, dentro do vixente orzamento municipal prorrogado para o exercizo 2024, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas da APORTACIÓN MUNICIPAL AO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, para a debida xestión dunhas obras na zona rural (PPU-2024), según pon de manifesto a técnica do servizo de Medio Rural, Isabel Cereijo Espantoso, coa conformidade do Tenente de Alcaldesa da Área de Transición ecolóxica e Impulso Rural, Miguel Fernández Méndez, con data 18.01.2024, e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral prorrogado, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2024/52, de data 26.01.2024, así como o RCMOD núm: 2024/4251, por importe de 32.279,80 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 32.279,80 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	32.279,80 €	45910.61900	24XX00037	32.279,80 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	32.279,80 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		32.279,80 €

Intervención

MVF/lrb

Refª: ispac7429423676203815506.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 1-2024 Aportac. Mun PPU

--	--	--	--	--

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.